

Mais en tanto non coñezamos ao home natural, en vano poderemos determinar a lei que recibiu ou a que mellor lle convén a súa constitución. Todo o que podemos ver moi claramente con respecto a esa lei é que, para que sexa lei, cómpre que a vontade de aquel a quen obriga poda sometérselle con coñecemento, e que para que sexa natural é preciso que fale inmediatamente por medio da voz da natureza. Deixando, pois, de lado todos os libros científicos que non nos ensinan máis que a ver aos homes tal e como se fixeron a si mesmos, e meditando sobre as primeiras e as máis simples operacións da alma humana, creo percibir nesta **dous principios, un dos cales interésanos vivamente no noso benestar e na propia conservación, e o outro inspíranos unha repugnancia natural a ver perecer ou sufrir a todo ser sensible e principalmente aos nosos semellantes.**

Do concurso e combinación que o noso espírito é capaz de facer destes dous principios parécese que derivan todas as regras do Dereito natural, sen que sexa necesario facer entrar aí o da sociabilidade, regras que a razón vese logo forzada a restablecer sobre outros fundamentos cando por sucesivos desenrols chegou a afogar a natureza. Desta maneira, xa non se está obrigado a facer dun home un filósofo antes de facelo un home; os seus deberes para co próximo non lle son unicamente ditados polas tardías leccións da sabedoría; e en tanto non opoñan resistencia ao íntimo **impulso de conmiseración, endexamais fará dano a outro home, nin sequera a ningún ser sensible, agás no caso lexítimo no que, encontrándose interesada a súa propia conservación, está obrigado a darse preferencia a si mesmo.**

Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes.

Jean-Jacques Rousseau

Cuestión texto:

Segundo o texto, cales son as dúas **paixóns naturais** do home? Recolle unha cita e trata de explicala coas túas palabras evitando en todo momento parafrasear o texto.

- **PAIXÓNS-SENTIMENTOS-IMPULSOS-DESEXOS NATURAIS (POPIOS DA NATUREZA HUMANA, QUE ESTÁN PRESENTES NO HOME SALVAXE DO ESTADO DE NATUREZA):**
 1. **AUTOCONSERVACIÓN, IMPULSO DE SUPERVIVENCIA: PRESERVACIÓN-PROTECCIÓN DA PROPIA VIDA.**
 2. **COMPAIXÓN-BONDADE INNATA: EMPATÍA POLO SUFRIMENTO DOS DEMAIS HUMANOS.**
- **PAIXÓNS-SENTIMENTOS-IMPULSOS-DESEXOS ARTIFICIAIS PROPIOS DO HOME CIVILIZADO PRODUTO DUNHA SOCIEDADE CORRUPTA QUE ALTERA E MODIFICA AS PAIXÓNS NATURAIS DO HOME: EGOÍSMO, HIPOCRESÍA, VANIDADE, AGRESIVIDADE, RIVALIDADE, COMPETITIVIDADE, SERVILISMO, ENVEXA, ETC.**